

# ANTONIO PALACIOS NO ESPERTAR DA CONCIENCIA DE CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO GALEGO

José Ramón Iglesias Veiga  
Instituto de Estudios Vigueses

Antonio Palacios Ramilo (1874-1945) foi o arquitecto galego que con maior frecuencia acudiu ás páxinas da prensa nas primeiras décadas do século XX. Os seus artigos publicados<sup>1</sup> fundamentalmente en *Vida Gallega*, *Faro de Vigo*, *El Pueblo Gallego*, *Galicia (Diario de Vigo)* e *Céltiga* son de temática variada, se ben priman os ligados aos seus proxectos, en especial ao Plan de Extensión e Reforma Interior de Vigo (1932), do que realiza unha auténtica campaña propagandística<sup>2</sup>. O artigo "La conservación de nuestro tesoro artístico regional" encádrase noutro grupo de escritos nos que alude ao patrimonio arquitectónico galego e a algunhas das súas pezas máis destacadas, como o Pórtico da Gloria, Hospital Real da compostelá praza do Obradoiro, Pórtico do Paraíso e catedral de Ourense, mosteiros de Armenteira e Oseira, etc. Nun terceiro grupo de textos xornalísticos incorpora contidos diversos: arqueoloxía, enxeñería aeronáutica, teorías xeolóxicas, viaxes, descrición de paisaxes, historia, costumes, etc.

Os artigos relacionados co patrimonio non forman parte dunha rigorosa investigación histórica, como no contexto español facía o seu compañeiro Leopoldo Torres Balbás e no galego Ángel del Castillo. A aproximación de Palacios á historia é emotiva, nostálgica e fragmentada, polo que nos textos aparecen resaltados aqueles detalles que lle producen un peculiar impacto. Nese sentido, serven para entender a relación que estableceu co pasado de Galicia e como este incidiu na súa creación. No artigo que dedica ao mosteiro de Armenteira<sup>3</sup> expresa a súa admiración ao contemplar unha cúpula con influencias musulmás. Dedicalle a súa descrición e posibles influencias a maior parte do texto

Estes artigos non van dirixidos a eruditos ou expertos, senón a un público xenérico ao que intenta cativar cunha nova valoración de certos

elementos da arquitectura do pasado, nun paso complementario e paralelo a súa propia proposta de estética rexionalista. A opinión de Antonio Palacios non pasou desapercibida, tras ser mitificado polo seguimento que a prensa fixo da súa obra, especialmente dos edificios singulares de Madrid do Palacio de Comunicacións, Hospital de Maudes, Banco Español do Río da Prata e Círculo de Belas Artes. Sorprende a extensión e o espazo preferente que ocupan moitos dos seus escritos, para os que a prensa da época reservou, ás veces, toda a primeira páxina. Os relacionados co patrimonio arquitectónico derivan dunha serie de percorridos que Palacios efectúa pola xeografía galega e do norte de Portugal, visitando os principais monumentos. Con preferencia polo románico, os seus cadernos de campo están cheos de bosqueños, anotacións, debuxos de detalles decorativos, etc. A través deles é posible documentar a visita a obras románicas de toda Galicia, dende as catedrais aos mosteiros, sen deixar de lado ás pequenas igrexas do rural, das que apreciou a expresión ruda que achegaba o emprego do granito.

Neses percorridos pola xeografía galega non se distanciaba dos que fixeron Rucabado pola Montaña santanderina ou Domènech i Montaner e Puig i Cadafalch por Cataluña. Estes dous últimos contribuíron notablemente á valoración do románico e ao seu inventariado, realizando numerosos estudos sobre o terreo<sup>4</sup>. Se ben no caso de Antonio Palacios non existe a investigación sistemática dos arquitectos cataláns, si está interesado no descubrimento das súas peculiaridades na súa terra. Con todo, danse coincidencias na aproximación ao monumento, xa que mentres Puig e Domènech tentaban confirmar a existencia dun románico catalán, Palacios interésase por amosar a galeguidade dalgúns elementos, en es-

pecial na particularidade que adoptan co emprego do granito. No artigo dedicado ao Pórtico da Gloria, ademais de considerar que era tan notable pola súa estereotomía como pola súa riqueza iconográfica e escultórica, resaltaba os valores do propio en relación con este material: *Su genuino galleguismo, queda identificado también, una vez más, por la sabiduría que resalta en el manejo del corte de piedras -habilidad que perdura en nuestros maestros canteros hasta nuestros propios días- y las sagaces precauciones adoptadas en los más menudos detalles constructivos*. Palacios investigou sobre as posibilidades expresivas do granito para exhibilo nunha gran variedade de acabados, dende a máis perfecta labra ao rudo expresionismo das pedras sen traballar, pasando pola novidade das presentacións puídas. En 1931 publica un artigo sobre a igrexa románica de Moradillo de Sedano (Burgos), no que se preocupa por xustificar aqueles elementos que considera de influencia galega<sup>5</sup>.

O texto deste artigo de Palacios é significativo de cómo se producira unha nova valoración do patrimonio arquitectónico galego e como ese feito espertou a conciencia da súa conservación. Mostra tamén a implicación do arquitecto no estudio, divulgación e defensa da riqueza monumental de Galicia e a súa atención ao labor de historiadores galegos. Tralas primeiras alusións evocadoras e literarias aos monumentos galegos de eruditos románticos como Neira de Mosquera o Vesteiro Torres, foron arquiteiros profesionais como José Villa-Amil Castro, Manuel Martínez Murguía e Antonio López Ferreiro os que por primeira vez se acercaron aos monumentos galegos cunha actitude científica baseada na consulta da documentación histórica. Palacios denomínoas "precursores" e dentro deles destaca a Antonio López Ferrerío, ao que noutro texto considera o máis *concienzado crítico e historiador que ha tenido Galicia, tan abandonada antaño en estos como en tantos otros importantísimos aspectos merecedores de atento estudio*<sup>6</sup>. Na revalorización do románico pesou a atención que, con prontitude, lle prestou a erudición inglesa. En 1865 George Street publicaba *Some Account of Gothic architecture in Spain* que incluía un capítulo dedicado á catedral de Santiago. No verán de 1866, por encargo do museo de South Kensington (hoxe Victoria & Albert ) Doménico Bruc-

ciani dirixe o baleirado en escaiola do Pórtico da Gloria e o fotógrafo Charles Thurston Thompson realiza a documentación gráfica<sup>7</sup>. Esta atención foránea debeu reforzar a incipiente valoración dos estilos medievais en Galicia<sup>8</sup>, especialmente a do románico que non deixou de medrar.

A esa revalorización contribuíron tamén a Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense, que dirixiu Marcelo Macías e a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, que funda en 1894 Casto Sampedro Folgar. Con eles e con destacados membros da Real Academia Galega estableceu Antonio Palacios contactos. Tamén o fixo con personalidades do Centro de Estudios Históricos como Gómez Moreno e Sánchez Cantón. Con este último colaborou no deseño da organización do museo de Castrelos de Vigo, que nun momento de efervescencia da plástica rexionalista se orientaba á exposición permanente da "Arte Galega". Na solemne presentación en 1928 do seu proxecto de renovación dos accesos á catedral de Ourense volve a comentar publicamente as achegas de López Ferreiro, Marcelo Macías, Otero Pedrayo e Sánchez Artea-ga, ao que consideraba o investigador principal deste templo.

O primeiro achegamento á arquitectura histórica galega intensificouse trala constitución en 1916 das Irmandades da Fala e culminou coa creación do Seminario de Estudios Galegos en 1923. Desta etapa menciona Palacios neste artigo a Ángel del Castillo, ao que destaca como paladín do estudo e divulgación dos valores da riqueza monumental da súa terra. Este investigador e arquiteiro do Concello da Coruña, solicitará nalgunha das súas intervencións públicas que non se demorara por máis tempo a definición dunha arquitectura xenuinamente galega<sup>9</sup>. O arquitecto tamén estivo atento a estudos que se levaban a cabo nese momento como o realizado por Kenneth John Connat sobre a parte medieval da catedral de Santiago, á que cita na memoria do templo de Panxón como fonte de inspiración. Nalgúns escritos amosa coñecer obras de carácter internacional relacionadas coa arquitectura ou coa escultura medieval, como sucede no citado artigo da igrexa de Moradillo, no que alude á obra alemá *Romanische Plastik in Spanien* (1928).

A preferencia de Antonio Palacios polo mundo medieval á hora de buscar referencias para definir unha proposta de intención rexionalista atopaba argumentos válidos a nivel internacional ao constatar como o gótico en Francia, Alemaña e Inglaterra fora valorado como unha expresión propia de cada país. Viollet-le-Duc, arquitecto de gran influencia en España, o consideraba como un estilo nacional francés, ademais de apreciar o seu racional sistema construtivo. Nos textos de Palacios aparecen diversas alusións a este teórico e á consulta do seu *Dictionnaire raisonné de l'architecture française du XIe au XVIe siècle*. Nunha conferencia que pronuncia en maio de 1922 en Madrid a proposta da "Asociación de alumnos de enxeñeiros e arquitectos", resaltaba a gran influencia de Viollet-le-Duc e de John Ruskin a finais do século XIX. Relacionaba ao primeiro coa racionalidade e ao segundo coa mística e a poesía na arquitectura<sup>10</sup>.

O rescate do barroco e o descubrimento das peculiaridades da súa variante de placas compostelá foi posterior, ao ser profundo o estigma xerado sobre este estilo trala creación da Academia de San Fernando e a implantación do gusto neoclásico. Se ben Manuel Murguía en *El Arte en Santiago durante el siglo XVIII* e noutras monografías mostra unha actitude comprensiva cara ao barroco, a súa recuperación tardou máis consolidarse. A ese afianzamento contribuíu Otto Schubert que valora a súa presenza en Galicia en *Historia del barroco en España* (1908), editada en castelá en 1924. Sintomático dunha nova apreciación foi a publicación en 1920 dun número da revista *Arquitectura* dedicada ao barroco. A parte relacionada con Galicia abordouna Leopoldo Torres Balbás, que tamén se ocupa da opción neobarroca que amosaba a obra José Yarnoz.

A diferente evolución da recuperación destes estilos debeu incidir nos dous camiños que tomou en Galicia o rexionalismo arquitectónico. Palacios, ao ser o primeiro que introduce este tipo de linguaxe, adoptou unha vía que atende a un mitificado pasado medieval e á milenaria cantería, mentres Manuel Gómez Román, sen perder o contacto co granito, inclínase por un recuperado barroco de placas con presenza no ambiente rural na tipoloxía de pazo<sup>11</sup>. A atención ao campo non era allea ao galeguismo, que

o consideraba como depositario das esencias da galegitude fronte ao mundo urbano. Un situación similar prodúcese en Euskadi, onde o casarío foi elevado a representativo do propio na definición dun estilo neovasco<sup>12</sup>.

Polo estudio do patrimonio interesáronse nesa época Constantino Candeira e Miguel Durán-Loriga Salgado. Este último, mencionado por Palacios neste artigo, implicouse ademais en labores de divulgación a través de conferencias e artigos. En 1925 publica un texto sobre o mosteiro de Ribas de Sil, do que xa se ocupara nunha disertación no Centro Galego de Madrid. Na posguerra focalizou as súas investigacións nos pazos, dos que recolle unha ampla información<sup>13</sup>. O seu proxecto do Pavillón de Galicia na Exposición Iberoamericana de Sevilla de 1929 pon de manifesto a recuperación do barroco, xa que, como representativo do galego, exhibía referencias dos pazos e das casas compostelás do Cabido e do Deán.

O interese de Palacios polos monumentos históricos reforzouse coa intensa mirada que o galeguismo dirixía ao pasado na procura de referentes cos que afirmar a personalidade diferenciada de Galicia. O arquitecto aproximouse a este movemento dende un plano cultural, sen asumir un compromiso ideolóxico ou político. Algúns intelectuais galeguistas asociaron un elemento arquitectónico a períodos de esplendor nos que o "espírito do pobo" ou *volksgeist* se manifestara con forza. Otero Pedrayo os resaltaba reflectidos no *dolmen da gándara, no poema ou no pórtico románico, na torre barroca, no verso dos Precursores*<sup>14</sup>. Pola súa parte Castealo consideraba ao románico e ao barroco como os estilos peculiares de Galicia<sup>15</sup>. En dúas conferencias pronunciadas en Vigo e na Coruña en 1919, baixo o epígrafe "Arte e Galeguismo", recomendaba a mirada aos pazos na definición dun estilo de casa galega. Nese momento Palacios xa trazara os dous primeiros proxectos de intención rexionalista: o templo da Encarnación (non construído) e a casa consistorial do Porriño (1918).

A atención de Palacios á historia debeu nacer na propia Escola de Arquitectura de Madrid, ao entrar en contactos con profesores que interviñeran na restauración de monumentos, como Vicente Lampérez, Ricardo Velázquez Bosco ou Manuel Aníbal Álvarez. A este último o cita

como o seu mestre neste texto e noutras intervencións públicas, en especial no acto de ingreso na Academia de Belas Artes de San Fernando. As actuacións en rehabilitacións dos profesores citados, representaban en España o procedemento de “restauración en estilo”, propiciado polas teorías de Viollet-le-Duc. Parte deste método está presente nalgún proxecto de Palacios, como sucede no intento de repoñer no seu estado orixinal o Pórtico do Paraíso da catedral de Ourense. Ante o mal estado das cubertas apunta a posibilidade de empregar neste e outros templos terrazas de formigón armado con aplacados de pedra. Noutras casos, amósase máis próximo ás propostas de J. Ruskin e inclínase pola conservación e no momento no que descubre o arco visigótico da antiga igrexa de Panxón (Nigrán) recomenda soamente a consolidación da ruína. A súa preocupación polo patrimonio centrouse nos grandes monumentos, mostrando un menor interese por conxuntos de arquitectura popular, como o barrio mariñeiro do Berbés que sería derribado ao aplicarse o seu proxecto urbanístico de Vigo. Se ben publicamente recoñecía o seu valor, consideraba que debería desaparecer ao ser a súa proposta unha mellora substancial. A prensa informa dalgunhas actuacións do arquitecto en relación coa defensa do patrimonio. En 1917 a súas xestións co director xeral de Belas Artes favoreceu a suspensión dos agresivos traballos de limpeza da fachada do templo de Santa María de Pontevedra<sup>16</sup>. O escritor Valle Inclán destacaba en 1924 a decisiva intervención de Palacios na conservación do pazo-torre de Bermúdez da Pobra do Caramiñal (hoxe “Museo Valle Inclán”), que correra o risco de desaparecer<sup>17</sup>. En 1931 remite unha carta a Casto Sampedro na que informa que realizaría xestións en Madrid para remediar o mal estado das fábricas do mosteiro do Carboeiro a causa da maleza e das filtracións de auga.

A mirada a Cataluña, que neste artigo reflicte a mención aos mosteiros de Poblet e Santa Creus, aparece noutros momentos e percíbese tamén na metodoloxía dalgunha das súas propostas rexionalistas ao pretender enlazar cun pasado mitificado da súa terra<sup>18</sup>. Na obra de Domènech i Montaner e Puig i Cadafalch, comprobaba que esa conexión se podía establecer dende unha posición creativa, distanciándose daqueles que

a entenderon como fonte de aprovisionamento de citas para incorporalas a un produto historicista de fácil lectura. O contacto de Palacios coa historia foi un pretexto para realizar unha obra creativa e diferenciada. Soamente en momentos moi puntais establece un lazo directo co pasado, como se percibe no tratamento do espazo do altar maior e deambulatorio da Veracruz do Carballiño que recorda ao da igrexa de mosteiro de Oseira. O habitual foi optar por unha interpretación orixinal, libre e fragmentada da historia que Palacios acumula sobre outras referencias, como a mirada á obra doutros creadores como Antonio Gaudí o Henry R. Richardson, lecturas fragmentadas de Ruskin ou interese pola poética pintoresca coa atención que lle presta á paisaxe e ás tradicións construtivas propias<sup>19</sup>.

Na obra de Gaudí o arquitecto galego verificaba a posibilidade de definir unha creación persoal e orixinal, sen desprenderse do contacto coa tradición. En 1926, nunha entrevista concedida trala morte accidental do mestre catalán, Palacios afirmaba que era a gran figura da arquitectura española da súa época<sup>20</sup>. Unha opinión significativa nun momento no que Gaudí non gozaba dun predicamento como o actual. Ao destacar á Sagrada Familia valoraba a orixinalidade, o simbolismo e un “selo especial de arte”, atributos que tamén desexaría para a súa obra. Anteriormente, Villar Ponte dera testemuño da admiración que Palacios sentía por Gaudí, á vez que recomendaba mirar aos esforzos que se facían en Cataluña por recobrar unha personalidade artística diferenciada<sup>21</sup>.

É posible que a mirada que Palacios dirixiu ao modernismo catalán se efectuase dende un prisma rexionalista. Nunha entrevista concedida en Lisboa en xuño de 1927, ao aludir aos focos cántabro, vasco e sevillano desa estética, indicaba que en Cataluña se fixeran notables progresos<sup>22</sup>. Villar Movellán sinala que dentro do rexionalismo sevillano se entendeu a citada proposta modernista como un “estilo catalán” que toma referentes do propio<sup>23</sup>. En Cataluña tamén atopaba Palacios referencias válidas á hora de dotar dunha ambientación galega a singulares espazos urbanos. A definición da fachada neogótica da catedral de Barcelona levou aparelada a intervención tamén en estilo noutras

construcións medievais da súa contorna, co que se xerou a imaxe do actual “barrio gótico”, nun intento, como indica Cocola Gant<sup>24</sup>, de dotar a esta cidade dunha imaxe de marca identificable e de prestixio histórico. Palacios adopta unha solución rexionalista para imprimirlle carácter galego á nova praza de San Martiño de Ourense ligada á intervención que propuña na catedral. A praza quedaría delimitada por edificacións que exhibirían unha linguaxe próxima á da casa consistorial do Porriño e á do templo Votivo do Mar de Panxón. Na proposta de “Rúa Galicia” de Santiago, entre a porta Faxeira e a praza do Obradoiro, a ambientación sería similar, incorporando ademais algunhas alusións ao barroco compostelá. Na iniciativa de creación do “Burgo Arqueolóxico de Castrelos” intúese unha mirada ao proxecto de “Iberona” (posteriormente “El Pueblo Español”), que con motivo da Exposición Internacional de Barcelona de 1929 impulsou Puig i Cadafalch. Baixo a dirección dos arquitectos Folguera e Reventós, do enxeñeiro Utrillo e do pintor Nogués recreáronse máis dun cento de edificacións peculiares de diversos puntos da xeografía española. No proxecto de Palacios serían trasladadas á contorna da igrexa románica de Castrelos as construcións do casco histórico de Vigo e do barrio do Berbés que se perderían coa execución do seu plan de urbanismo.

Para que a sociedade recoñecera como propios os contidos tomados da historia para ser recreados nunha arquitectura rexionalista galaica, foi necesario unha intensa divulgación das peculiaridades dalgúns estilos. Palacios recoñece neste artigo o labor da prensa, ao ser consciente de que as revistas eruditas tiñan un público reducido ao campo académico e a algúns diletantes interesados pola arte. A principios do século XX a mellora das técnicas de fotogravado permitiu popularizar os monumentos a través de imaxes inseridas na prensa, revistas ilustradas, álbums, coleccións de postais, etc. Ás primeiras contribucións de fotógrafos como Zagala, Chicharro Bisi ou Mendía, sumáronse as de novos profesionais como Sarabia, Pacheco, Gil, Sáenz Mon e Casado. A través da consulta hemerográfica compróbase a progresiva importancia que alcanzan algunhas tipoloxías como imaxe iconográfica do galego. Nese sentido é significativo que no mesmo ano que Palacios publica este artigo, o xornal *Faro de Vigo*, dentro

dos primeiros fotogravados que incorpora, insira unha colección de imaxes dos principais pazos galegos recollidas por Javier Ozores.<sup>25</sup>

Nun contexto de rescate do propio con crecente estima da paisaxe, xeografía e arquitectura do pasado, Palacios, apunta a posibilidade de crear unha “Sociedade Galega de Excursións” e alude á existencia deste tipo de institucións en Madrid dende finais do século XIX, como a “Sociedad para el estudio del Guadarrama” que garda relacións con experiencias ligadas á Institución Libre de Ensinanza. En Cataluña ese afán excursionista estaba tamén consolidado. En 1876 constituíuse a “Asociació Catalanista d’Excursions Científiques” e dous anos despois a “Asociació d’Excursions Catalana”, as primeiras agrupacións españolas deste tipo que en 1890 se fusionan para crear o “Centre Excursionista de Catalunya”. Entre os seus obxectivos contemplábase o estudio e protección do patrimonio arquitectónico<sup>26</sup>, como propuña Palacios para a galega. A atención á divulgación da riqueza paisaxística está presente no artigo que Palacios escribe en 1930 co título “La ciudad encantada de Montefaro”, no que describe as formas caprichosas das formacións graníticas ou “penedos” dos montes da contorna do Porriño.

Antonio Palacios presentou a través da prensa outras iniciativas ligadas á revitalización de actividades ligadas á cultura e ao propio patrimonio. Entre elas destaca a de creación dunha grande revista que coa cabeceira “Galicia”, fora a *alta tribuna de nuestros artistas, pintores, arquitectos, escultores, músicos; de nuestros poetas, nuestros novelistas; arqueólogos e historiadores; de nuestros hombres representativos de la hacienda, de la industria y de las ciencias todas...* Como noutras ocasións, a idea de Palacios non pasou desapercibida e o xornal *Faro de Vigo* reservoulle en exclusiva toda unha primeira páxina. Na concepción da revista estaba presente a difusión da nova valoración de elementos do patrimonio arquitectónico: *El conocimiento de nuestra vieja, magnífica arquitectura nos trae cada día una nueva sorprendente revelación. En aquellos otros tiempos, un historiador o un arqueólogo eran considerados como extraños bichos raros. Allí tenéis, como contraste, el plantel del Seminario de Estudios Gallegos, en el que sabios maestros y animosos rapaces, es-*

*...cudriñan ansiosamente en los viejos papeles. Hoy se estudia con profusión la Prehistoria, en la que Galicia es plenamente rica y de cuya ciencia apenas se tenían noticias entonces*<sup>27</sup>. Palacios non foi alleo a ese fervor arqueolóxico e sobre esta cuestión redactou dous artigos. Nun deles, ilustrado cos seus propios bosquexos, dá noticia do descubrimento dunha necrópole dolménica en San Colmado (Cela, Mos) e no segundo comenta a importancia do emprego da fotografía aérea na arqueoloxía aérea<sup>28</sup>.

No momento de queixarse da escasa inversión do Estado na conservación do patrimonio e na promoción das ensinanzas artísticas na súa terra, detalla con orgullo a súa contribución á potenciación da plástica rexionalista. Palacios amosou interese pola pintura, actividade que practicou privadamente, como pon de manifesto dous cadros depositados no Museo de Pontevedra e outros en coleccións privadas. A súa atención ao mundo da pintura compróbase tamén nos seus artigos, xa que o primeiro da longa serie que publica está dedicado á obra do seu amigo Fernando Álvarez de Sotomayor. O arquitecto integrouse no grupo de artistas que impulsaban unha "plástica peculiarmente galega" e colaborou na organización dalgúns exposicións colectivas de "Arte Gallego" que entre 1912 e 1929 se celebraron nas principais cidades galegas, Madrid, Bos Aires e Montevideo. Palacios asume a dirección dos traballos de instalación da primeira desas mostras en Madrid no ano 1912. Despois participou co seu compañeiro Rafael González Villar e cos pintores Llorens e Sotomayor na organización da realizada na Coruña en 1917, unha das máis importantes desta serie. Nun momento álxido do galeguismo trala constitución das Irmandades da Fala en 1916 e despois de comprobar persoalmente na Coruña a compracencia que suscitaba a plástica rexionalista, Palacios define en 1918 os dous primeiros proxectos de intención rexionalista para O Porriño e Celanova. De novo volve a estar presente na organización do certame de 1923 en Santiago e no de Madrid de 1928 presenta, como parte desta estética, os planos do templo da Encarnación de Celanova. O seu compañeiro Rafael González Villar participou tamén en varias destas exposicións con proxectos de arquitectura.

Ademais da incorporación de proxectos a estes certames, a arquitectura entrou tamén a formar parte da temática da plástica rexionalista. Palacios menciona o labor do pintor Carlos Sobrino que incorporou ao seus lenzos estampas das edificacións tradicionais e de elementos de estilos de peculiar presenza en Galicia. Sobrino resultou vencedor do concurso sobre a "casa galega" convocado pola revista *Mondariz* en 1921. A revista pedía unha monografía sobre unha edificación do pasado acompañada de planos, debuxos de detalles exteriores e interiores, fotografías, etc. A iniciativa levaba aparelada a promoción dunha estética rexionalista na arquitectura, posto que o material recollido serviría para editar un álbum e celebrar unha *exposición de obras arquitectónicas característicamente gallegas, la mayor parte ignoradas aún en la misma región y cuyo conocimiento completo, cimentará sólidamente los estudios previos absolutamente indispensables a los arquitectos gallegos del presente, para elevar sobre ellos la creación de la arquitectura regional de un próximo porvenir*.

Puntualmente algunha exposición de "Arte Gallego" asociouse tamén a defensa do patrimonio. Na de 1928, Rafael Maquina, xornalista do *Heraldo de Madrid* que patrocinaba o evento, propuxo a edición dun libro con reproducións das obras presentadas, acompañadas de textos de Otero Pedrayo, José Francés e Ramón María Tenreiro. Cos beneficios pretendíase iniciar una subscripción para colaborar na restauración do mosteiro de Oseira. En outubro de 1929, baixo o impulso de Florencio Cerviño, bispo de Ourense, os monxes bernardos da abadía de Nosa Señora das Neves (Francia) retornaron ao cenobio e iniciaron os traballos de recuperación do inmobile.

A actividade xornalística e publicista de Antonio Palacios, ademais de contribuír á concienciar da importancia da conservación do patrimonio, serve para entender os referentes da súa proposta rexionalista, se ben, como se comentou, é preciso subliñar que a relación coa historia foi unha escusa para definir unha expresiva e orixinal "obra de autor", recoñecida como tal por algúns dos seus coetáneos. En 1934, Jaime Sola ao comentar sobre posibles compoñentes románicos, góticos ou dun estilo de transición no templo Votivo do Mar de Panxón, concluíu: *Pero mejor será decir que la iglesia de Panjón es de estilo... de Palacios*<sup>29</sup>.

## NOTAS

<sup>1</sup> Un completo listado dos artigos de Antonio Palacios pode consultarse no catálogo da exposición do Círculo de Belas Arte de Madrid do ano 2001: ARMERO CHAUTÓN, J., e ARMERO ALCÁNTARA, G. (Coord.), *Antonio Palacios, constructor de Madrid*, (Catalogo da exposición), Madrid, Ed. La Librería, 2001.

<sup>2</sup> Esta campaña iniciouse en 1920, cunha serie de artigos nos que anticipa a súas propostas urbanísticas. En 1924 retoma a promoción que se incrementa a principios da década de 1930 co encargo do citado plan. Vid. PEREIRO ALONSO, J. L., *Desarrollo y deterioro urbano de la ciudad de Vigo*, Santiago, COAG, 1981; IGLESIAS VEIGA, J. R., "O Plan Comarcal no Proxecto de Extensión e Reforma Interior de Vigo de Antonio Palacios (1932)" en *Grial*, nº 155, Tomo XL, xullo, agosto, setembro, 2002, pp. 413-433. ARMERO CHAUTÓN J. e IGLESIAS VEIGA, J. R. *Antonio Palacios. Plan de extensión e reforma interior da cidade de Vigo*, Madrid-Vigo, AEE ediciones - Concello de Vigo, 2002.

<sup>3</sup> PALACIOS RAMILO, A., "Armenteira" en *Galicia. Diario de Vigo*, 1-I-1926, pp. 4-5; "El Monasterio de Armenteira" en *Vida Gallega*, nº 295, 10-II-1926.

<sup>4</sup> Puig i Cadafalch publicou entre 1909 e 1918, conxuntamente con A. Falguera e J. Goday, *L'arquitectura romànica a Catalunya*, obra en tres volumes que foi básica para coñecer o románico catalán. Domènec percorreu Cataluña entre 1896 e 1906 para documentar un libro sobre o románico que non chegou a concluír.

<sup>5</sup> PALACIOS RAMILO, A., "Expansión de la arquitectura románica gallega: La iglesia de Moradillo de Sedano" en *Faro de Vigo*, 12-II-1931, p. 8; Tamén en *La Construcción Moderna*, nº 5, 15-III-1931.

<sup>6</sup> PALACIOS RAMILO, Antonio "Del Pórtico de la Gloria. Notas para su estudio estereotómico" en *Faro de Vigo*, 21-VIII-1927, pp. 1-2; *Vida Gallega*, núm. 354, 10-XI-1927. Destaca da produción de Ferrerío o libro *El Pórtico de la Gloria*, "joyel de la historiografía gallega" que leu "repetida e amorosamente".

<sup>7</sup> Véxase sobre este proceso e sobre

a valoración do Pórtico da Gloria en Inglaterra: MATEO SEVILLA, M., *El Pórtico de la Gloria en la Inglaterra victoriana. La invención de una obra maestra*, Santiago de Compostela, Museo Nacional de las Peregrinaciones, 1991. FONTANELLA, L., *Charles Thurston Thompson e o proxecto fotográfico ibérico*, A Coruña, CGAI, 1997.

<sup>8</sup> Manuel Murguía recoñecía ese peso ao comentar en 1879 *que fue ayer un arquitecto inglés quien enseñó a muchos a mirar con respeto el famoso Pórtico de la Gloria*. MARTINEZ MURGUÍA, Manuel., "Sillería de coro de la catedral de Santiago" en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 30-IV-1879, pp. 3-4.

<sup>9</sup> CASTILLO LÓPEZ, Á., *El patrimonio artístico de Galicia*, A Coruña, Tip. El Ideal Gallego, 1926, pp. 33-34.

<sup>10</sup> Consideraba que o libro *As sete lámpadas da arquitectura* de J. Ruskin era unha fonte inesgotable de inspiración. Vid. "Conferencia del Sr.Palacios" en *La Construcción Moderna*, 30-V-1922, nº 10, pp. 13-14. Tamén en *Faro de Vigo*, 24-V-1922, p. 1 e no xornal *El Sol* (Madrid), 21-V-1922, p. 4.

<sup>11</sup> Sobre a recuperación da imaxe do pazo como referente da arquitectura rexionalista de Gómez Román e de todos os que o seguen, véxase: IGLESIAS VEIGA, J. R. y SÁNCHEZ GARCÍA, J., "Bases ideológicas para la recuperación del pazo gallego en los años 30" en *Actas del Congreso Internacional: Arquitectura, ciudad e ideología antiurbana*, E.T.S.A, Universidade de Navarra, 2002, pp. 123-133.

<sup>12</sup> O nevasco tivo manifestacións importantes na arquitectura doméstica e nas barriadas obreiras. Vid. GÓMEZ GÓMEZ, A. J. y RUIZ SAN MIGUEL, J., *Las casas baratas de Bilbao*, Bilbao, Políor, 2004.

<sup>13</sup> Esa información foi recollida recentemente en: DURÁN -LORIGA SALGADO, M., *Pazos Gallegos. Materiales para su estudio*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2014.

<sup>14</sup> OTERO PEDRAYO, R., *Morte e resurrección*, Ourense, 1932 (Recollido en BALIÑAS, C. *Pensamento galego I*, Vigo, Galaxia, 1977, pp. 99-132.

<sup>15</sup> CASTELAO, A. R., *Sempre en Galiza* (Buenos Aires, 1944), Vigo, Galaxia, 1986, pp. 46-47. Nese sentido indica-

ba: "As artes da construción callaron en Galiza no estilo románico, que perdurou por riba do gótico, deica enlazarse co barroco. O gótico, por ser un arte lóxico, non pudo aclimatarse no noso país, pero do barroco fixemos un "estilo nacional". Porque tendes que saber que hai un "barroco galego", e que, neste estilo, creamos exemplares que son fitos da historia do arte.

<sup>16</sup> El templo de Santa María" en *Faro de Vigo*, 16-IX-1917, p. 1 e *Diario de Pontevedra*, 17-IX-1917, p. 1.

<sup>17</sup> O escritor consideraba que o pazo desaparecería se Antonio Palacios non lle descubre os seus valores. Vid. "Nuestras visitas. En el Sanatorio del Doctor Villar Iglesias. Palabras de Valle Inclán" en *El Pueblo Gallego*, 26-III-1924, p. 12.

<sup>18</sup> Os contactos políticos e culturais entre Galicia e Cataluña establecéronse trala creación das Irmandades da Fala en 1917. En decembro dese ano Francisco Cambó preside unha delegación catalá que visita Galicia en apoio do emergente nacionalismo. Entre os visitantes atopábase o arquitecto Joseph Puig i Cadafalch, que diserta no paraninfo da Universidade de Santiago sobre o labor da Mancomunidade Catalá nos campos da cultura e da arte. Vid. "Propaganda regionalista. Los catalanes en Santiago" en *Faro de Vigo*, 10-XII-1917, p. 1; "Cambó en Galicia" en *Faro de Vigo*, 19-XII-1917, p. 1

<sup>19</sup> Sinala a facilidade de Palacios para fragmentar referencias e acumulalas sobre unha obra persoal, nunha capacidade que Fullaño denomina de *heterotopía e fisión semántica*. Vid. GONZÁLEZ AMEZQUETA, A., "Unha nova ollada á obra de Antonio Palacios" en *Arquitecto Antonio Palacios (1874-1945)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, pp. 14-23.

<sup>20</sup> "El arquitecto catalán Gaudí y su obra" en *El Pueblo Gallego*, 12-VI-1926, p. 1.

<sup>21</sup> VILLAR PONTE, A., "Galerías. Una lección práctica" en *El Pueblo Gallego*, 17-VI-1916, p. 1. Nese sentido indicaba: "Hay un sello especial, que no se confunde con ningún otro, en los trabajos de los artifices, de los arquitectos, de los editores, de los literatos, de los poetas, de los artistas de Cataluña. Ciego ha de ser

quien no pueda observarlo. Y ese sello que por lo especial resalta a todas luces, cabrá discutirlo desde el punto de vista del buen gusto, pero será forzoso elogiarlo siempre como "tendencia". Y será noble y oportuno también mostrarlo a ojos de los buenos gallegos de nuestra Galicia renaciente que aspiran a infundir de modo patriótico la galleguidad en todo... Ese ejemplo luminoso que nos brinda Cataluña estamos obligados a seguirlo..."

<sup>22</sup> "Viajero ilustre. Arquitectura em Portugal e em Espanha" en *El Pueblo Gallego*, 15-VI-1927, p.1. Recolle parte da entrevista publicada polo xornal portugués *Imparcial*: *Pienso que debe continuarse en aquella tendencia tradicionalista que hoy es corriente en España donde se tienen hecho grandes progresos en la orientación de la arquitectura popular, principalmente en Andalucía, en el País Vasco y en la Montaña de Santander. Los principales de esta orientación, que ya constituye una escuela, son los arquitectos Aníbal González, autor del plano de construcciones de la Exposición de Sevilla y Rucabado que la estudió*

en el norte de España. En Cataluña también se tienen hecho notables progresos en este sentido.

<sup>23</sup> Vid. VILLAR MOVELLÁN, A., *Arquitectura del regionalismo en Sevilla (1900-1935)*, Sevilla, Deputación Provincial, 1979, p. 193.

<sup>24</sup> CÓCOLA GANT, Agustín, *El Barrio Gótico de Barcelona. Planificación del pasado e imagen de marca*. Tese de Doutoramento. Departamento de Historia da Arte. Universidade de Barcelona. 2010.

<sup>25</sup> Estas imaxes cun texto explicativo comezaron a publicarse, ás veces en primeira páxina, o 29 de xaneiro de 1925, baixo título de "Los Pazos Gallegos". Esta sección permaneceu activa ao longo dese ano e de parte do seguinte. *Vida Gallega*, dirixida por Jaime Solá, publicou de forma repetitiva a imaxe dos principais monumentos galegos. Tamén foi importante o labor do editor vigués José Cao Moure (PPKO) a través dos "Libros de Oro" de Lugo, A Coruña e Pontevedra, "Catálogos" da Coruña e Vigo

e das publicacións en fascículos de *Los Pazos Gallegos* e *Relicario Monumental de Galicia*.

<sup>26</sup> En xaneiro de 1910 visita Galicia un dos seus membros Francisco Blanch, que despois pronunciará dúas conferencias en Barcelona sobre o seu percorrido. Nese mesmo mes constituírase en Vigo a Sociedade de Fomento do Turismo en Galicia. Vid. "El Turismo en Galicia" en *Diario de Galicia*, 26-I-1910, p. 2. Una conferencia sobre Galicia, en *Vida Gallega*, 15-II-1910, p.11

<sup>27</sup> PALACIOS RAMILO, Antonio "Galicia" en *Faro de Vigo*, 6-XI-1928, p. 1.

<sup>28</sup> PALACIOS RAMILO, A., "Por la Galicia Céltica. Una ciudad de hace tres mil años a media hora de Vigo" en *El Pueblo Gallego*, 15-XI-1931, p. 8; "La Arqueología de Galicia. Bajo la mirada de las águilas las" en *Faro de Vigo*, 30-XI-1932, p. 12;

<sup>29</sup> SOLÁ, J., " El templo votivo a la Virgen del Mar" en *Vida Gallega*, nº 697, 10-X-1934.